

**Proposta de adxudicación do lote 2 da contratación administrativa para a subministración de enerxía eléctrica ao Parlamento de Galicia.**

O 11 de abril de 2014, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a subministración de enerxía eléctrica ao Parlamento de Galicia, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria e por un valor estimado de 283.000,00 €, de acordo cos seguintes lotes:

lote 1, punto de subministración edificación A..... 140.000,00 €/ano.

lote 2, punto de subministración edificación B..... 1.500,00 €/ano.

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 276, de 22 de abril de 2014. Os anuncios de licitación foron publicados no Diario Oficial da Unión Europea nº S79, de 23 de abril de 2014 e no Boletín Oficial do Estado nº 111, de 7 de maio de 2014.

Rematado o prazo para presentación de proposicións presentaron oferta ao lote 2 as seguintes empresas:

- Gas Natural comercializadora, s.a.
- Aura Energía, s.l.

Constituída a Mesa de contratación, procedeu ao estudo da documentación presentada polas empresas concorrentes nos sobres "A", resultando o seguinte:

Empresas admitidas:

- Gas Natural comercializadora, s.a.
- Aura Energía, s.l.

Non houbo empresas excluídas.

O 11 de xuño celebrouse a sesión pública na que se procedeu á apertura dos sobres "B" das empresas concorrentes; a documentación neles contida foi trasladada ao Servizo de Réxime Interior para a súa valoración. Logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación efectuado por esa unidade determinouse a atribución da seguinte puntuación:

EMPRESA	Puntuación
Gas Natural comercializadora, s.a	12
Aura Energía, s.l.	2

Na sesión pública celebrada o 20 de xuño a Mesa de contratación comunicou a puntuación obtida polas empresas en base aos criterios sometidos a xuízos de valor e posteriormente procedeuse á apertura dos sobres C. As ofertas presentadas polas empresas foron as seguintes:

**- Gas Natural comercializadora, s.a.**

*a. Termo de potencia:*

	expresado en euros/kW
Prezo, excluído o IVE	46,717035
IVE (21 %)	56,527612

*b. Termo de enerxía:*

	expresado en euros/kWh	
	<i>Punta</i>	<i>Val</i>
<i>Prezo unitario por kWh</i>	0,092209	0,067442
<i>Tarifas de acceso</i>	0,074568	0,013192
<i>Imposto eléctrico</i>	0,175304	0,084757
<i>IVE (21 %)</i>		
<b>Total</b>	<b>0,212118</b>	<b>0,102555</b>

*c. Alugueiro de equipo de medida:*

<i>Prezo, excluído o IVE</i>	1,14 €/mes
<i>IVE (21 %)</i>	0,2394 €/mes

**- Aura Enerxía, s.l.**

*a. Termo de potencia:*

	expresado en euros/kW
<i>Prezo, excluído o IVE</i>	46,71703469
<i>IVE (21 %)</i>	9,810577285

*b. Termo de enerxía:*

	expresado en euros/kWh	
	<i>Punta</i>	<i>Val</i>
<i>Prezo unitario por kWh</i>	0,087025	0,065940
<i>Tarifas de acceso</i>	0,074568	0,013192
<i>Imposto eléctrico</i>	0,008262	0,004046
<i>IVE (21 %)</i>	0,035669	0,017467
<b>Total</b>	<b>0,205524</b>	<b>0,100645</b>

*c. Alugueiro de equipo de medida:*

<i>Prezo, excluído o IVE</i>	10
<i>IVE (21 %)</i>	2,1

Na reunión do 27 de xuño a Mesa de Contratación procedeu ao estudo do informe técnico elaborado polo Servizo de Réxime Interior respecto da documentación incluída nos sobres C das empresas concorrentes. Segundo se reflicte no informe técnico elaborado polo servizo de Réxime Interior, da aplicación das fórmulas establecidas no prego de cláusulas administrativas aos prezos ofertados por cada un dos licitadores resulta a aplicación da seguinte puntuación:

EMPRESA	Puntos por criterios avaliables por aplicación de fórmulas "Potencia"	Puntos por criterios avaliables por aplicación de fórmulas "Energía"	Puntos por criterios sometidos a xuízo de valor	PUNTUACIÓN TOTAL
Gas Natural Comercializadora, s.a.	55	24,93	12	91,93
Aura Energía, s.l.	55	25,00	2	82,00

Polo tanto, á vista das puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acordou propoñer á Mesa do Parlamento a clasificación de ofertas e conseguinte requirimento de documentación na seguinte orde:

- 1º. Gas Natural comercializadora, s.a.
- 2º. Aura Energía, s.l.

Á vista da proposta, e previo informe favorable da Intervención, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 30 de xuño de 2014 adoptou o Acordo de clasificar as ofertas nesa orde e requirirlle á empresa Gas Natural Comercializadora, s.a. a presentación, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requirimento, da documentación esixida no apartado 6 da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas para proceder, se é o caso, á adxudicación do contrato. Dito Acordo da Mesa do Parlamento foi notificado electronicamente e recibido pola empresa o 3 de xullo de 2014.

Con data de 9 e 16 de xullo de 2014 a empresa Gas Natural Comercializadora, s.a. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (rexistro nºs 24898, 25065), incluíndo constitución de garantía definitiva mediante o aval bancario nº 0182000813712 da entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, s.a. por importe de 75,00 €, e o pagamento do anuncio de licitación.

En consecuencia, propónse á Mesa do Parlamento a adxudicación do lote 2 (punto de subministración B) do contrato administrativo para a subministración de enerxía eléctrica, á empresa **Gas Natural Comercializadora, s.a.**, polos seguintes importes:

*a. Termo de potencia:*

	expresado en euros/kW
<i>Prezo, excluído o IVE</i>	46,717035
<i>IVE (21 %)</i>	56,527612


*b. Termo de enerxía:*

	expresado en euros/kWh	
	<i>Punta</i>	<i>Val</i>
<i>Prezo unitario por kWh</i>	0,092209	0,067442
<i>Tarifas de acceso</i>	0,074568	0,013192
<i>Imposto eléctrico</i>	0,175304	0,084757
<i>IVE (21 %)</i>		
<b>Total</b>	<b>0,212118</b>	<b>0,102555</b>

c. Alugueiro de equipo de medida:

Prezo, excluído o IVE	1,14 €/mes
IVE (21 %)	0,2394 €/mes

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2014.



Vº e prace  
José Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior



Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior